


Para o alumnado da ESO



María Casares. A impaciencia por vivir
María Canosa e Bea Gregores. Bululú. 2022

Este libro permítenos coñecer a vida de María Casares. Aclamada e admirada como actriz en Francia, sobrepúxose ás adversidades que lle tocou vivir na súa vida persoal: a Guerra civil e o exilio, o amor tempestuoso de Albert Camus, a morriña pola infancia feliz na Coruña....

Un ewok no xardín

Pedro Ramos. Rodeira. 2022

Zoe, preocupada pola actitude de David, o seu irmán pequeno, escríbelle correos electrónico para tentar sacalo do buraco da escuridade no que está afundido... Unha novela arriscada, cun tema valente e necesario hoxe en día.



La chica alce

Malin Klingenberg. Errata natural. 2022

Johanna acaba de facer 13 anos e entra no instituto. Alí agárdalle unha aventura increíble na que se cruzarán defensores dos animais, cazadores de alces e un rapaz misterioso...


El mundo de Sofía

Vincent Zabus y Nikoby. Siruela. 2022

Adaptación en cómic da obra orixinal de Jostein Gaarder. Sofía recibe unha carta con preguntas como "Quen son?" ou "De onde veño?"...



Para alumnado de Bacharelato



O navegante. Unha viaxe a bordo da Sala Nasa


Tristán Ron. Chévere 2022

A historia completa dun espazo tan transcendente para a cultura como foi a Sala Nasa baixo a ollada dun neno que practicamente nace e medra nesta praza aberta.

As desterradas

Carme Varela. Xerais. 2021

Unha pequena comunidade de monxas vese sacudida por unha sentenza que, ao parecer, é xa inapelable. Escena a escena, vaixe descubriendo a historia de resistencia á Coroa de Castela que esta comunidade está a vivir.



Soy la malinche

Alicia Jaraba. Nuevo Nueve. 2022

Velaquí a vida da Malinche, moza superada polos acontecementos, pero sobre todo humana. A historia dunha muller indíxena que lles foi regalada aos españois a principios do s. XVI e que se converteu na intérprete, conselleira e amante de Hernán Cortés.



Egoístas, inmortales y viajeras

Carlos López-Otín. Paidós. 2021

Aborda as claves do cancro e dos seus novos tratamentos, nunha aposta polo coñecemento. Para iso, explora o pasado, a realidade actual e o futuro desta enfermidade múltipla.

REDE DE BIBLIOTECAS

ESCOLARES DOS CENTROS PÚBLICOS DE AMES




GUÍA DE NADAL 2022

www.biblioceipamaia.blogspot.com
www.coapalabranaboca.blogspot.com/es/
www.agrobiblio.blogspot.com.es
www.bibliocarlosnieto.blogspot.com.es/
www.iesmilladoirobiblioteca.blogspot.com.es/
<http://www.bibliobarouta.blogspot.com>
axaneladeventin.blogspot.com
eei.covas@edu.xunta.es
eei.igrexames@edu.xunta.es

Máis guías en:

www.edu.xunta.es/biblioteca/blog

Primeiros lectores



Hai unha vaca na miña cama

Daniel Fehr, Jorge Martini. NubeOcho. 2022


Antes de durmir, unha nena di que hai unha vaca na súa cama. Será certo? Cando o seu pai vai á súa habitación, alí non hai ninguén. Será que agora a vaca está xogando ás

agachadas con un elefante e un pato?.

Felix y Calcita

Artur Laperla. Beascoa. 2020

Unha trol coouse na habitación de Félix! E... ¡puuaah! Cheira como a... queixo podre! Chámase Calcita, chegou no baúl dos xoguetes e come pedras, si, si....



Queda sitio na vasoira?

Julia Donaldson. Patasdepeixe Editora. 2021

A bruxa vai toda contenta na súa vasoira co seu gato, ata que lle cae o lazo da súa trenza entre as silvas. Aí comeza unha aventura que

acabará enleando a unha paxara, unha ra, un can e un dragón nunha aventura trepidante e fascinante por terra, por mar e, sobre todo, por aire.

El reno de Navidad

Nicola Killen. Beascoa. 2022

Lucía esperta co son duns axoúxeres e decide saír, no medio da noite baixo a neve, para saber de onde procede. O seu soño faise realidade, cando atopa un reno máxico que a leva voando polo ceo nunha aventura moi especial



De 7 a 9 anos



Planeta Q. Un lugar onde vivir

A importancia dunha boa amizade.

Péix, Susana / Montañá, Marta. Cumio, 2022

Zeta andaba sempre a rosmar: porque non podía durmir, porque tiña moita calor... Estaba convencido de que sería moito máis feliz se puidese marchar daquel terríbel planeta que lle daba dor de pés. Até que un día ocorreu algo inesperado que o cambiou todo.

Atlas de lugares extraordinarios para descubrir el mundo

Pedro Torrijos. Beascoa, 2022

Convértete nun explorador e descubre os seis continentes a través dos seus lugares máis curiosos. Un atlas a toda cor, repleto de fabulosas historias.



Sempre Nadal

Acevedo, Desiree. Triqueta Verde, 2022

Na casa de Pepín preparan con ilusión o Nadal, pero a Pepín xórdelle unha pregunta. Se ese día a casa está tan bonita, están todos xuntos, sorrín máis que nunca, hai agasallos para todos... Por que non é sempre Nadal?

Malvarina. Quero ser bruxa

Isern, Susanna. Triqueta Verde, 2022

Malvarina, unha valente nena de nove anos desexa converterse en bruxa e visita as tres bruxas que gobernan a súa cidade. Dispostas a atopar unha herdeira, adéstrana para que se converta nunha delas. Pocións máxicas, caldeiros fumarentos, vasoiras voadoras e feitizos enfermizos...



De 9 a 12 anos

O agasallo de Anya

Sabela Núñez Singala. Galaxia, 2013

Malia vivir a miles de quilómetros de distancia, as súas vidas non son moi diferentes, sobre todo se falamos de sentimentos, ilusións, ganas de ser felices e de gozar do mundo.



O neno de lume.

Leticia Costas. Xerais, 2022.

Dende que apareceu nunha cesta na casa da señora Culpepper, Morgan leva no seu ombreiro a Luminaria, unha pequena chama que só el pode ver e coa que pode falar. Pero un día de néboa a pequena chama desaparece. Morgan debe iniciar unha viaxe máis alá da néboa para recuperar á pequena Luminaria.

La foto de los 10000 me gusta.

Teatro. Nando López. Anaya 2019

Cando os alumnos do Gerardo Diego están preparando o festival de fin de curso aparece en redes sociais unha foto cun poema asinado por TransparentBoy. O que comeza como un xogo, acaba converténdose nunha imaxe viral con miles de gústames e dúas grandes preguntas: Quen é Transparent_Boy? E a quen lle escribe?.



Súper Sorda. Novela gráfica.

Cece Bell. Maeva, 2020.

Nestas memorias cheas de humor en forma de novela gráfica, a autora narra como perdeu o oído cando era moi pequena e a súa experiencia co PhonicEar, un potente –e incómodo– audífono.